

MATERIA  
Música na Educación Primaria

unidade  
didáctica  
7

TITULACIÓN  
Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria

Ciencias Sociais e Xurídicas

# A música tradicional galega na escola

**M<sup>a</sup> Ángeles López de la Calle Sampedro**

Área de Didáctica da Expresión Musical  
Departamento de Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal  
Facultade de Formación do Profesorado



**DESCATALOGADO**

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5  
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Vicerreitoría de Estudantes,  
Cultura e Formación Continua  
da Universidade de Santiago de Compostela  
Servizo de Publicacións  
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-16183-43-2

**MATERIA:** Música na Educación Primaria  
**TITULACIÓN:** Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria  
**PROGRAMA XERAL DO CURSO**  
Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. A música na escola de primaria**

Valor formativo da música  
¿Por que ensinar música aos nenos?  
¿Que achega ao desenvolvemento do neno?  
Fundamentos psicopedagóxicos da educación musical

**Unidade II. A natureza da música**

Os diferentes elementos constitutivos da música esenciais na aprendizaxe musical  
Exploración dos elementos da música para un entendemento e desenvolvemento na educación primaria

**Unidade III. Desenvolvemento das habilidades propias da práctica musical**

Educación da voz e do oído  
Educación rítmica, melódica, armónica y estrutural  
Lectura e escritura musical convencional  
Grafismos musicais

**Unidade IV. O currículo da música na educación Primaria**

Obxectivos  
Contidos  
Actividades de aprendizaxe  
Criterios de avaliación

**Unidade V. Relación da música con outras áreas curriculares Obxectivos**

A súa contribución ao desenvolvemento formativo e das competencias básicas

**Unidade VI. Diferenzas culturais e atención á diversidade**

Desenvolvemento da socialización mediante actividades de expresión artística  
A música na atención á diversidade dende unha perspectiva curricular  
Experiencias musicais nas escolas de primaria de Galicia

**Unidade VII. A música tradicional galega na escola**

Punto de partida para a actividade musical: ¿que se entende por música tradicional galega?  
Desenvolvemento musical na escola  
Procura dun enfoque viable para a planificación da súa aprendizaxe

## **ÍNDICE**

---

### **CONTEXTUALIZACION**

#### **OBXECTIVOS**

1. Obxectivos xerais da materia (OX)
2. Obxectivos específicos da unidade didáctica (OE)

#### **PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

#### **CONTIDOS**

1. Punto de partida para a actividade musical: ¿que se entende por música tradicional galega?
2. Desenvolvemento musical na escola
3. Procura dun enfoque viable para a planificación da súa aprendizaxe

#### **ACTIVIDADES**

#### **AVALIACIÓN**

#### **BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA**

## CONTEXTUALIZACION

---

Esta unidade didáctica forma parte da materia obrigatoria **Música na Educación Primaria** da titulación de Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria, Campus de Lugo. Esta materia de 6 créditos está situada con outras dúas no 3º curso / 6º cuatrimestre denominado: *A Construción das aprendizaxes*. O seu sentido xeral, como recolle a memoria do título, é que ao finalizar o cuatrimestre o alumno sexa capaz de coñecer o currículo de Educación Primaria e desenvolver estratexias de traballo, tanto específicas coma de forma integrada, fomentando a participación en actividades dentro e fóra da escola.

En consecuencia, a materia pretende permitir ao alumno utilizar a música con relativa seguridade en centros de educación primaria e tamén noutros espazos como xardíns de infancia, ludotecas, campamentos ou talleres de tempo libre. Por iso, a súa formulación é eminentemente práctica (90%), utilizando os recursos musicais non só para coñecer e entender a música senón tamén para facer comprender o neno o mundo que o rodea, o que o conecta con outros ámbitos da vida. Fomenta unha visión lúdica da música e do seu ensino, entendendo a necesidade de que a música proporcione felicidade aos nenos.

Ademais, esta materia está pensada, non só para cumprir cos obxectivos xerais marcados no seu programa oficial senón tamén para provocar no alumno curiosidade e desexo por acceder a distintas comunidades musicais: escolas de música, grupos folclóricos, coros, e, mesmo se se dese o caso, poder continuar un desenvolvemento futuro profesional relacionado coa música; por exemplo, cursar un itinerario de Educación Musical propio desta titulación (Campus de Santiago) ou en conservatorios de música.

Os contidos desta materia, dende a unidade 1 á 6, foron asociados ao proceso de coñecer e saber aplicar o currículo de música na educación primaria. A unidade didáctica que se presenta **A música tradicional galega na escola** é a última da materia e contribúe á consecución deste obxectivo compartindo as súas formulacións didácticas.

Pódese dicir que a práctica musical que corresponde a esta unidade didáctica non presenta dificultades especiais nin para a docente nin para os alumnos. Cando se chega a ela xa se percorreu un amplo camiño. Nas anteriores unidades, os alumnos participaron no descubrimento da música e das súas posibilidades didácticas ao tempo que se favoreceu o desenvolvemento da comunicación e o intercambio de ideas, pensamentos e sentimentos no grupo. Tamén o desenvolvemento doutras unidades contribuíu dunha forma significativa á desinhibición dos alumnos mediante o desenvolvemento da confianza no uso das súas voces e do seu corpo para facer música e facilitou o desenvolvemento social dos alumnos e a identidade do grupo. O alumno xa coñece e comprende as posibilidades de traballo que se abren dentro de cada unha das vertentes musicais na escola. Para esta docente, é o momento de desenvolver con esta unidade didáctica a competencia docente no uso da música que todo mestre de educación primaria debe ter cando se incorpora ao traballo neste nivel educativo e de que o faga coa música que representa os valores e cultura da súa terra.

A súa implementación lévase a cabo en 6 sesións de dúas horas cada unha. Nas dúas primeiras, mostrarase unha breve perspectiva histórica do folclore galego apoiándonos nunha visita técnica á «Colección de Instrumentos Musicais e Obxectos Sonoros» do Centro de Arte e Deseño de Lugo. Así mesmo os estudantes terán a oportunidade de considerar a actual posición da música tradicional galega no currículo oficial de Galicia. Nas seguintes sesións levarase a cabo o desenvolvemento de propostas prácticas deseñadas polos propios estudantes para o uso da música tradicional galega na escola. Aquí os estudantes terán a oportunidade de tomar o papel de *profesor* e os compañeiros asistentes o papel de *alumnos de primaria*.

Espérase que o desenvolvemento desta unidade didáctica proporcione ao alumno profundidade no coñecemento e comprensión da música tradicional galega e destrezas docentes abondo para o seu uso na escola de primaria.

## **OBXECTIVOS**

---

### **1. Obxectivos xerais da materia (OX)**

- OX.1.- Desenvolver unha comprensión da función das artes na educación, de modo específico da música, e da súa contribución ao desenvolvemento de actitudes e hábitos útiles para a vida e para o traballo.
- OX.2.- Dar a coñecer a natureza da música e as formas nas que a música se pode aprender.
- OX.3.- Desenvolver habilidades e destrezas musicais básicas que contribúan á comprensión e coñecemento da linguaxe musical.
- OX.4.- Coñecer o currículo escolar da educación artística no seu aspecto musical, a súa aplicación na educación primaria de xeito seguro e a súa relación con outras áreas, cos obxectivos xerais e as competencias da etapa.
- OX.5.- Participar en propostas e proxectos musicais que fomenten a participación ao longo da vida en actividades dentro e fóra da escola.

### **2. Obxectivos específicos da unidade didáctica (OE)**

- OE.1.- Aumentar o coñecemento do patrimonio musical de Galicia e considerar o seu lugar no currículo de primaria.
- OE.2.- Apreciar a participación en saídas didácticas que se inscriben no marco de propostas educativas de concellos, deputacións ou doutras institucións que pretenden conservar, divulgar e promover a cultura musical de Galicia.
- OE.3.- Incrementar a conciencia dos diferentes modos de facer accesible a música aos nenos dende a comunicación e a vivencia.
- OE.4.- Desenvolver destrezas docentes no ensino da música tradicional galega.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

---

A unidade didáctica impártese por medio dunha combinación de:

Presentacións dos puntos fundamentais desta unidade didáctica a dous grupos interactivos de seminario. Explorárase a proposta de acción educativa que o alumno debe realizar e estableceranse grupos de traballo.

- Presentacións/talleres prácticos dirixidos a dous grupos interactivos de seminario. Trataranse os contidos conceptuais do tema por parte da docente responsable da materia no Aula de Música de a Facultade e por parte do director da “Colección de instrumentos musicais e obxectos sonoros “no Centro de Artesanía e Deseño da cidade de Lugo.
- Intervencións musicais realizadas/dirixidas polos alumnos en tres grupos interactivos de laboratorio.
- Titorías en pequenos grupos. Revisarase o borrador da proposta práctica de acción educativa que se implementará no Aula de Música da Facultade.
- Campus Virtual da USC para realizar comunicacións e compartir todo o material xurdido durante o desenvolvemento da unidade didáctica (partituras, músicas, fotografías, vídeos, etc.)

O tempo de *práctica* que se destinará ao desenvolvemento dos contidos desta unidade didáctica será ostensiblemente superior ao de *teoría*. No campo da música “*facer*” é un feito imprescindible, xa que sen a súa práctica non é posible avanzar na súa comprensión e dominio.

## CONTIDOS

---

### 1. Punto de partida para a actividade musical: ¿que se entende por música tradicional galega?

Música tradicional ou folklórica galega é aquela que *é anónima*, na súa orixe non tivo un autor determinado, non se recorda quen foi, *transmítese oralmente* (e hoxe en día tamén de xeito académico), os músicos aprendérona oíndolla tocar a outros, e repetíndoa de memoria, non existe unha primeira partitura ou gravación que mostre a versión “auténtica”, *exerce unha función social*, é dicir, utilizábase para acompañar diversas tarefas como as do campo, as celebracións, os xogos e *representa os valores e cultura de Galicia*.

É difícil determinar a súa orixe, aínda que poderíamos remontarnos aos comezos da constitución do pobo galego, pola época romana (século II a.C. – século V d.C.). Durante este período, historiadores romanos escribiron sobre o proverbial gusto que ou pobo galego tiña pola danza e o canto. Estrabón documentou as danzas que os pobos das montañas galegas executaban nas noites de lúa chea acompañadas de trompetas e frautas. As continuas migracións do pobo galego e as diferentes invasións que se produciron no noso territorio, permitiron que se introducisen influencias musicais de toda Europa, (a gaita, elemento tan característico deste folclore, data do século V coa invasión sueva).

As primeiras referencias da música tradicional galega remóntanse á música medieval. Temos os importantes cancioneiros de Martín Codax (trobador do século XIII) e as Cantigas de Santa María de Afonso X, que inclúen a parte musical e que subliñan a importancia da cultura galega da época. As representacións dos instrumentos como os encontrados no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago, códices ou capiteis románicos, permítennos saber que existían xa naquela época os principais instrumentos presentes na nosa tradición musical: gaitas, zanfonas e instrumentos de corda.

Unha vez superado o esplendor cultural da época medieval, a Galicia desta época sufriu un forte illamento socioeconómico. Considérase unha época histórica caracterizada polo rexurdimento do folclore e a consagración dos instrumentos que conforman as principais formacións da música tradicional galega. A música tradicional pasa a ter unicamente como vía de transmisión a oral e non podemos máis que reconstruíla a través das panxoliñas, cantos de berce, de cego e outras mostras musicais que chegaron ata a actualidade.

É no século XIX e comezos do século XX cando se produciu unha reivindicación da tradición, en ocasións de mans do nacionalismo político, e aparece o nacionalismo musical galego, un movemento fundamentado na utilización de materiais procedentes da música popular. Entre os autores que representan a esencia deste movemento cabe destacar a Chané, Xoán Montes e Pascual Veiga, que é o autor da música do "*Himno galego*". Pero paralelamente co fenómeno da emigración desaparecía o ambiente rural e os traballos comunais, principais momentos onde xurdía a música, impedindo unha completa transmisión oral.

Posteriormente o franquismo forzou a que a música tradicional se adaptase á súa visión política, á castellanización das letras e á depuración tanto das formas musicais coma das danzas que as acompañaban, o que conduciu ao declive da súa popularidade. Xa ben entrado o século XX grupos como Os Areeiras de Catoira, Os Rosales, Os Campaneiros de Vilagarcía, Os Morenos de Lavadores, Os Irmáns Graceiras, Antón Corral, Fuxan os Ventos, Milladoiro e outras agrupacións folclóricas afondaron na recolección e reconstrución da música e iniciouse un camiño de recuperación de moitas formas tradicionais e a dignificación dos seus instrumentos, especialmente da gaita.

Nestes momentos existe unha forte proxección internacional desta música, coincidindo cunha divulgación xeral da música tradicional como contestación ás músicas máis comerciais e cunha concienciación da necesaria presenza das músicas tradicionais propias no ámbito escolar.

## 2. Desenvolvemento musical na escola

A comprensión do uso da música tradicional que os profesores deben facer nos centros de educación primaria, pasa por facer referencia ao documento curricular que lles serve de guía na súa práctica profesional. Del dependerá, en parte e para a maioría dos casos, tanto a decisión sobre o tipo de proposta coma a súa intervención na aula.



O DECRETO 130/2007, do 28 de xuño, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Tendo en conta este Decreto, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria senta as bases para que o profesorado galego deste nivel educativo poida acometer a concreción das intencións do currículo oficial, elaborando os proxectos curriculares de centro, as programacións de aula e as adaptacións curriculares apropiadas para o tratamento da diversidade. A música intégrase neste documento, xunto coa Plástica, na área de Educación Artística.

Se atendemos aos logros que se esperan obter ao final de cada ciclo, a proposta curricular para a música na educación primaria da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, non sinala niveis específicos de logros nos bloques formativos, nin tampouco a súa disposición temporal (o que se ha de traballar nun ano ou noutro), dificultando enormemente a súa implementación na práctica ao non establecer o proceso de progreso na aprendizaxe musical. Unicamente indica que o progreso en música debe involucrar os nenos coa música e concreta dende que medios facelo:

*O progreso en Música permitiralles ás nenas e aos nenos participar en actividades musicais, expresarse a través dunha linguaxe artística, escoitar, comprender, valorar gozar coa música. Tanto a produción como a expresión realizaránse a través de tres medios: a voz e ou canto, os instrumentos musicais e o movemento e a danza... Trátase, polo tanto, de ir formando progresivamente ou alumnado na escoita activa e na produción con expresividade e creatividade, así como no emprego cada vez máis preciso da liguaxe musical. 2008:284*

Comprobamos pois como as indicacións oficiais indican claramente que a aprendizaxe da linguaxe musical do mesmo xeito que a aprendizaxe doutras linguaxes específicas debe adquirirse e mostrarse a través da vía procedemental onde o principio de *actividade* debe estar presente en todo o proceso. A partir destas bases xa podemos desenvolver e traballar o propio e característico da música tradicional de Galicia dende o uso da voz cantada, os instrumentos musicais e a danza, contribuíndo a conseguir a súa aprendizaxe.

O documento que recolle as orientacións metodolóxicas para este área de Educación Artística que propón a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia aclara aos profesores que a música tradicional de Galicia se erixe como ensino de réxime xeral con características, identidade e idiosincrasia propia sinalando a súa importancia e tratamento do seguinte modo:

*A produción artística forma parte do patrimonio cultural dun pobo e a educación artística debe contribuír ao acceso a ese patrimonio, ao seu aprecio, ao coñecemento a diferenza entre culturas do presente e ao longo do tempo, entendéndoas en no seu contexto, xa que a representación artística ten un significado dependente do momento histórico, social e cultural. 2008: 287*

*Na educación artística requírese o uso de recursos múltiples e variados,.....Mención especial merecen aqueles recursos directamente*

*relacionados coa cultura galega: obras pictóricas, diferentes tipos de artesanía tradicional galega (cestería, encaixe, olaría...) e oficios relacionados con ela (lutiers, cantareiras e cantareiros, tecedoras e tecedores, bordadores e bordadoras...), artistas galegas e galegos, cantigas tradicionais referidas a festas, tarefas... (cantigas de berce, cantos de reis, esfoladas, cantigas mariñeiras, alalás...). Na utilización destes recursos cómpre partir do ámbito sociocultural do alumnado traballando o que pode oír e ver non seu contorno para ir abrindo posibilidades a outras realidades galegas actuades o pasadas. 2008: 288*

O documento deixa moi claros os principios que todos os centros educativos deben seguir para asegurar que os alumnos teñan a posibilidade de levar con éxito a súa aprendizaxe.


### **3. Procura dun enfoque viable para a planificación da súa aprendizaxe**

As indicacións que o Currículo oficial de Galicia presenta para dar a coñecer os principios que todos os centros educativos deben seguir na aprendizaxe da música, insisten en que é función dos centros educativos e en última instancia do profesor, deseñar a organización do currículo para incluír debidamente os contidos para música. Entón, que debemos ensinar da música tradicional?, como estruturar e organizar os contidos que necesitamos traballar neste tema? En diferentes documentos publicados encontramos definicións sobre o que caracteriza á música tradicional galega, como o publicado por M<sup>a</sup> Pilar Alén onde sinala que:

*A música tradicional galega caracterízase tanto polas súas formas (muñeiras, jotas, alalás, etc), instrumentos (gaita galega e pandereta, entre outros) e agrupacións musicais. 1997:33*

A idea que recolle e pon de relevo esta autora encóntrase na formulación do que se propón dende esta unidade didáctica como contidos básicos de estudo na escola. Como se mostra a continuación (figura 1), aséntase sobre 3 grandes dimensións –coñecemento, destreza e comprensión– que identifican os aspectos da música tradicional –Instrumentos, Canto e Danza– na que os alumnos poden facer os seus progresos.

Figura 1– Programa de contidos da música tradicional galega para a Educación Primaria.



Lo que o neno debe aprender. Elaboración propia

Móstrase polo tanto aqueles ámbitos que se debe ensinar aos alumnos para garantir as condicións mínimas que lles posibiliten o coñecemento, as destrezas e a comprensión axeitada á súa idade. O ensino debería de asegurar que a escoita, a comprensión e a aplicación do coñecemento se desenvolvan a través de destrezas interrelacionadas de instrumentos, de canto e de danza propios da música tradicional galega:

I. *Coñecemento, destreza e comprensión instrumental.* Controlando os sons a través dos instrumentos con ou sen ton, aos alumnos deberíaselles dar a oportunidade de coñecer e/ou tocar, (xa sexa de forma moi elemental e de forma axeitada a cada idade) os instrumentos máis importantes da nosa tradición: a gaita galega, o bombo, o tamboril, o pandeiro, a pandeireta, as cunchas ou vieiras e a zanfona. Poderían acompañar os instrumentos coas súas voces e cantos. Tamén se lles debería proporcionar a oportunidade de que ensaien e interpreten xunto con outros nenos estes instrumentos e escoiten música interpretada por estes instrumentos con atención. Así mesmo terían que coñecer as agrupacións instrumentais xurdidas en diferentes épocas (por exemplo, os diferentes instrumentos que se ían engadindo á formación tradicional de gaita galega, bombo, tambor, pandeireta e pandeiro).

II. *Coñecemento, destreza e comprensión vocal e de canto.* Explorando e organizando sons e ideas musicais a través da voz e do canto aos alumnos deberíaselles ensinar para que usen as súas voces de forma expresiva mediante o canto de cancións tradicionais propias como Panxoliñas, Alalás, Cantos de berce ou Romances. Canten de memoria unha variedade de cancións e rimas. Cren patróns

musicais de acompañamento de forma apropiada. Coñezan como a música pode utilizarse para fins particulares (por exemplo, cantigas tradicionais, mariñeiras).

III. *Coñecemento, destreza e comprensión de movemento e danza.* Respondendo co corpo a diferentes tipos de rítmicas debería axudarse aos nenos a que entendesen a diferenza entre a Muiñeira, o ritmo máis popular e característico, escrito en compás de 6/8, o Pasodobre en compás de 2/4, a xota galega, escrita normalmente en 3/4 ou outros ritmos característicos como a Pandeirada, Alborada, Foliada ou as Treboadas. Tamén se lles debería de ensinar para que entendan como a música está influenciada polo tempo e polo lugar, por exemplo como se pode ver afectada polo tipo de recinto, ocasión e propósito. Ensaíen os seus bailes mediante o traballo individual ou en grupos de diferentes tamaños. Revisen, mediante o uso das TIC, as diferentes variantes de bailes e danzas que se encontran segundo a zona xeográfica de Galicia. E algo moi importante, coñezan o seu patrimonio musical en gravacións e en directo.

A formulación de traballo musical recollido ata aquí e a forma de orientar a intervención do profesor está en clara sintonía coas novas tendencias en educación musical. Neste sentido é necesario resaltar as ideas de John Playnter que defende a tese de que calquera proposta de educación musical ha de cooidar por igual a escoita, a interpretación e a creación (Paynter, 1999). De feito o programa de contido que se propón nesta unidade didáctica considera imprescindible o acceso á vida musical do neno mediante o uso axeitado da voz, do oído musical, das habilidades instrumentais, do movemento asociado á música e da composición. Isto significa que o principio de actividade debe estar presente en todo o proceso. Este enfoque de aprendizaxe require que se interactúe constantemente coa música: cantar, tocar, danzar, escoitar, crear, improvisar,...

Por outra parte e despois de delimitar claramente o programa de contidos, debemos ir máis alá e facer referencia a unha das principais competencias que se lle atribúe á música que é a de *formar* o que implica que o alumno sexa educado a través dela. Neste sentido, a música ademais de facer a súa propia e característica contribución ao curriculum da escola tamén debe contribuír a conseguir outros obxectivos da educación. Entendemos que a música non só debe desenvolver e consolidar destrezas musicais, de coñecemento e de entendemento senón tamén debe enriquecer a aprendizaxe doutras materias. Por iso é necesario determinar os posibles enlaces que o profesor pode establecer e os que son máis apropiados para realizar con outros aspectos do curriculum. Distintos exemplos como os que a continuación se citan, débennos facer entender que a música tradicional galega pode contribuír ao desenvolvemento formativo e a mellorar a comprensión doutras aprendizaxes:

- *Na materia de lingua galega.* Explorando as letras das cancións, poñendo atención ás súas mensaxes, á dicción e á conciencia da frase. Identificando o pulso das palabras e compoñendo patróns rítmicos, usando a narración e a creación de representacións multimedia.

- *Nas materias de historia, xeografía, arte e educación relixiosa.* Proporcionando unha ventá a través da cal podemos observar como era a sociedade galega no tempo e a súa cultura mediante a exploración das palabras utilizadas nas

cancións e a forma na que se usa a música, por exemplo durante un acto relixioso, como entretemento no fogar, no traballo, etc.

– *Na materia de educación física.* Proporcionando a través dos bailes e danzas galegas materiais para a socialización, traballo de coordinación, lateralidade e tratamento espacial.

– *Na materia de educación plástica.* Proporcionando un estímulo para un traballo expresivo sobre as diferentes variedades de traxes tradicionais, debuxando as súas partes, analizando os seus materiais e creando outras posibilidades.

– *Na materia de coñecemento do medio natural.* Explorando diferentes formas de facer os sons co instrumental galego, de opinar acerca das vibracións da gaita e da zanfona, de como viaxa o son, recoñecendo e nomeando os materiais utilizados en cada instrumento.

Establecidos os contidos básicos de estudo temos dúas maneiras de planificar a súa aprendizaxe na escola, a primeira baseada na actividade require menos proceso mental. Simplemente revísase a dispoñibilidade de recursos -cancioneiros, libros e así sucesivamente- e decídese que facer coa debida consideración sobre o que os alumnos fixeron antes. A segunda forma de planificación baseada nos obxectivos require, polo xeral, máis esforzo cognitivo. Un ten que pensar no fin así como na actividade contribuíndo ao desenvolvemento musical dos alumnos de xeito intencional. Pode haber algunhas situacións nas que o primeiro tipo de planificación sexa adecuada. Mesmo, no día a día da tarefa docente, algúns de nós recorremos a ela por cansazo ou falta de tempo. Pero a planificación musical baseada na actividade corre o grave risco de conducir ao entretemento ou á simple ocupación musical, en lugar do ensino e isto aquí non nos interesa.

Polo tanto, para levar a cabo unha boa planificación do ensino da música tradicional galega, ou de calquera outro tipo de música (por exemplo, da música clásica), cada docente debe encontrar as respostas a cuestións tales como: ¿cales son os coñecementos musicais previos que posúen os alumnos?; ¿que quero lograr co programa de estudos musical que deseñei?; ¿como vou facer para permitirlles que o logren ou como hei de avaliar se o lograron? E sempre debemos volver a elas, xa sexa para planificar unha pequena clase ou mesmo para establecer un programa de estudos máis amplo.

## **ACTIVIDADES**

---

Durante as sesións que conforman esta unidade didáctica, os alumnos terán a oportunidade de coñecer e comprender os elementos constitutivos da música tradicional galega e das formas nas que se pode aprender e desenvolver destrezas docentes para o seu uso. Para iso deseñouse un plan de actividades que apoiem o seu entendemento e desenvolvemento dende a práctica:

1. Nas primeiras actividades desta unidade didáctica trataranse os contidos conceptuais do tema por parte da docente responsable da materia na Aula de Música da Facultade. Con elas pretende ademais, incrementar a conciencia dos diferentes modos de facer accesible a música tradicional aos nenos dende a comunicación e a vivencia.

Os alumnos explorarán cuestións como: ¿que é a música tradicional galega?, ¿que di o currículo oficial de Galicia sobre a súa aprendizaxe?, ¿por que ensinar esta música aos nenos?, ¿que pode ou debe achegar ao desenvolvemento infantil? Iranse facendo facendo reflexións sobre estas preguntas formuladas apoiándonos en diapositivas.

A continuación os alumnos coñecerán e tocarán axeitadamente todos os instrumentos de percusión con ton e sen ton do patrimonio instrumental de Galicia e considerarán o seu lugar no currículo de primaria. Ao mesmo tempo poderán desenvolver as súas propias destrezas instrumentais. Proporcionaráselles acceso aos instrumentos máis ilustres da tradición: gaita galega, bombo, tamboril, pandeiro, pandeireta, cunchas e vieiras. Tamén se dará a oportunidade de que o alumno poida traer á aula calquera instrumento musical do folclore ou outros, que poida tocar para acompañar as cancións e mostrar os seus compañeiros. O alumno explorará os pasos básicos dunha muiñeira e cantará fragmentos de obras elementais do repertorio básico tradicional que incrementa a súa motivación e interese

Estas primeiras actividades de aproximación están dirixidas a dous grupos interactivos de seminario. O tempo destinado para o alumno a esta actividade é de 2 horas aproximadamente.

2. As seguintes actividades están dirixidas a reforzar os contidos conceptuais do tema por parte do director da “Colección de instrumentos musicais e obxectos sonoros” no Centro de Artesanía e Deseño da cidade de Lugo. Asemade están pensadas para que o alumno aprecie a participación en saídas didáctico-musicais que se inscriben no marco de propostas educativas de institucións que pretenden conservar, divulgar e promover a cultura musical de Galicia.

Para iso proporcionarase aos alumnos a posibilidade de realizar unha visita técnica a este Centro e apreciar a exposición permanente de instrumentos do folclore musical de Galicia. Para potenciar esta visita formativa realizarase algunha pequena actividade tanto antes como despois de asistir a Centro. O alumno poderá presentar un dossier no que ordena e analiza a información e experiencias obtidas durante a saída.

Esta actividade está dirixida a dous grupos interactivos de seminario. O tempo destinado para o alumno a esta actividade é de 2 horas. (Se os presupostos do Centro o permitisen poderíase considerar a visita ao Museo do Pobo Galego para coñecer a súa sala de instrumentos musicais.)

3. En último lugar levaranse a cabo actividades para desenvolver nos alumnos destrezas docentes no uso da música tradicional. Os alumnos planificarán por grupos unha lección práctica cun sentido curricular sobre a música tradicional galega para un ciclo de educación primaria. Esta proposta implementarase na Aula de Música da Facultade, proporcionando ao alumno a oportunidade de intervir como docentes.

É necesario que o plan de traballo que deseñe o alumno xire como mínimo en torno a un dos tres eixes do contido do programa de estudo para a música tradicional na escola: *coñecemento, destreza e comprensión instrumental, vocal ou de movemento*. Seguindo os requirimentos do currículo para a educación primaria as propostas serán de carácter práctico: tocar, cantar e bailar. Deste xeito todos os alumnos poderán considerar que subxace nas producións musicais do noso patrimonio e o papel que xogan no desenvolvemento de destrezas musicais e de

actitudes e hábitos útiles para a vida do neno. Os obxectivos de aprendizaxe nestas propostas deberán contribuír así mesmo ao desenvolvemento doutros aspectos da aprendizaxe no neno como a exploración, a imaxinación e a comunicación.

Os recursos utilizados polo alumno no momento de realizar a práctica deben ser o uso da voz cantada (obrigatorio), do corpo, dos xestos corporais, da práctica ou non dalgún instrumento musical como a gaita galega, fruta traveseira, violín, viola ou piano e da práctica dalgún instrumento musical como o pandeiro, a pandeireta, as cunchas, o bombo ou outros instrumentos de pequena percusión (obrigatorio).

Estas intervencións musicais deseñadas e implementadas por pequenos grupos de alumnos desenvolveranse nas sesións interactivas de laboratorio. O tempo destinado para o alumno a esta actividade é de 8 horas aproximadamente.

## **AVALIACIÓN**

---

Poñerase en práctica un control inicial a modo de diagnóstico que ten como obxectivo comprobar o grao de madurez na formación vocal e musical do estudante sobre este tema. Tamén se quere determinar a súa experiencia en grupos de carácter folklórico e as súas posibles achegas ao grupo así como fixar as prioridades persoais e profesionais para o seu desenvolvemento na música tradicional. Esta proba non influirá na súa cualificación. A avaliación da unidade didáctica efectuarase de acordo cos apartados seguintes:

1. Asistencia, participación activa nas actividades suscitadas e achegas. Instrumento de avaliación: folha de firmas. Peso: 15%.

2. Estrutura e calidade do deseño da proposta educativa enmarcada na educación da música tradicional galega para a escola de primaria. Instrumento de avaliación: dossier. Peso: 25%

3. Destreza docente para a implementación da proposta práctica. Instrumento de avaliación: práctica educativa ao grupo-clase. Peso: 60%

## **BIBLIOGRAFÍA E WEBGRAFÍA**

---

ALBÁN LAXE, Calixto (2003). *O saber do pobo. Enciclopedia do traxe, danza e música tradicional* Vigo : Xerais

ALÉN, M<sup>a</sup> Pilar (1997). *Historia da música galega. Cantos, cantigas e canticos*. Ed. A Nosa Terra.

BERNARDEZ, Carlos, MARIÑO, Xosé Ramón (2002). *Romanceiro en lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

CARPINTEIRO, Pablo (2009). *Instrumentos tradicionais galegos: unha selección natural*. Universidade de Vigo

LÓPEZ-CALO, José (1982). *La música medieval en Galicia*. Fundación Barrié de la Maza.

LÓPEZ, Lorena. (2013). *Historia da música de Galicia*. Ouvirmos.

- RICO, Manuel, SANTAMARINA, Antón (2014). *Eu non canto por cantar. Cancioneiro popular de Galicia*. Editado por Gadis
- ROSALÍA DE CASTRO (2014). *Cantares gallegos*, Fundación Rosalia de Castro Vigo, Xerais.
- VILLANUEVA, Carlos.(1998). *O feito diferenca Galego na Música*, Actas vol. 2. Museo do Pobo Galego.
- (Ed.) (2011). *El Pórtico de la Gloria: Música, Arte y Pensamiento*. Universidade de Santiago, Servicio de Publicaciones.
- <http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/DXC/libros/Primaria.pdf> Lexislación da Educación Primaria en Galicia e orientacións metodolóxicas sobre o tratamento das áreas. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. 2008
- <http://www.xunta.es/busqueda-no-dog> Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. DOGA do 7 de xullo de 2007.
- [www.consellodacultura.org/asg/instrumentos](http://www.consellodacultura.org/asg/instrumentos) Os Instrumentos musicais na tradición galega.
- [www.orellapendella.org](http://www.orellapendella.org) Ditos, recitados e cancións infantís.
- [www.pontenasondas.org](http://www.pontenasondas.org) Proxecto educativo e de comunicación entre escolas galegas e portuguesas, con base na recuperación do patrimonio cultural.
- <http://www.centrad.org> CENTRAD Centro de Artesanía e Deseño de Lugo.
- <http://www.museodopobo.es> Museo do Pobo Galego de Santiago de Compostela
- <http://www.museodopobo.es/cancioneiro> escoita e descarga Cancioneiro Popular de Galicia *Eu non canto por cantar*. 2014
- <http://gl.wikipedia.org/wiki/Cancioneiro> Cancionero Popular Galego. Recogido e ordenado por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina. Educa barrié Fundación Barrié. 2012
- <http://musicagalega.net> Portal sobre a Música Galega
- <http://ouvirmos.com> Discografía que recupera música tradicional galega
- <http://www.sonsgaliza.com> Música tradicional e folk





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA